

A avoa Lola plantaba arroz con leite

Cartas do terceiro día · Marcos S. Calveiro · Espiral Maior · 43 páx. · 16 euros

O premio de poesía do Concello de Carral foi, no 2005, para un autor sen obra publicada até este ano, fóra do dixital, Marcos S. Calveiro, non por acaso supoñemos apelido materno, co libro *Cartas do terceiro día*.

Na colección de literatura xuvenil de Tambo saíu a novela *Sari, soñador de mares*, onde sabemos dos ventos e dos escachos con pirixel que este non compartiu co mestre Sinbad. Agora chéganos na colección de poesía de Espiral Maior un poemario composto por vinte e nove cartas: en páxina par unha da nai e en páxina impar unha das irmás-compañeiras, dirixidas á quen puido ser a derradeira falante do nuxu. Esta lingua, un sistema de comunicación exclusivo das mulleres dun anaco da China interior (dise que anterior á revolución cultural), é case descoñecida: a sociedade impedíalles o acceso ao coñecemento escrito na variante lingüística que os homes aprendían na escola.

As cartas do terceiro día entregábenselle á noiva logo de casar, cando marchaba vivir á casa do home, e eran a memoria agochada das xeracións de mulleres que a precederon. Nelas recollíanse consellos para a vida futura así como a mágoa pola separación. Se o detallamos é porque aquí se poden ver trazos transversais da creación popular e da tradición, grafada ou non, de moitas culturas, tamén da nosa, desde as amigas do medievo até o «solteiriña non te cases / aproveita a boa vida / que eu ben sei dunha casada / que está moi arrepentida».

Marcos S. Calveiro realiza aquí un exercicio de achegamento a este mundo da China rural no que

é inevitábel ver unha alegoría da desaparición da cultura tradicional, incluída a que nos toca, ou mesmo concretamente desa, das súas formas de vida, das palabras para nomear obxectos que hoxe calquera coñecedora da Europa campesiña fai lexitimamente por esquecer.

Porque queremos esquecer o patriarcado e o conservadorismo que a atravesas:


que todo na vida ten o seu tempo / unha cadencia e un ritmo constantes / que nin ti nin eu trocaremos / por moito que porfiemos / malia que haxa contrapunto: / Se te conformas e te rendes, / axeonllada para sempre ficarás / e baixo as zocas de teu home / xamais voltarás falar, / pensar ou matinar.

porque ruralismo é ruralismo aquí e na prefectura de Jiang Yong, e quizais o único que deberamos permitirnos é o de «comisións labregas / en todas as aldeas»:

Abrocharán as brancas amendoeirás / mentres medra o liño nos regueiros, / chegarán, / a arrincada e as cantigas da ripa / a tras empozar os feixes para que cozan / pasarán / corenta días corenta, / a maza, o tendal e a deluva

E lembramos o liño de María no Manselle de Anxo Angueira, a Xohana Torres da avoa Lola, «cacheabamos no río pelouriños para xogar ás tabas / eu que nunca viaxei con meu pai en moto» en *Fascinio*, e mais aquela «que sobe a encosta de Cortiña Grande / pasado Castromau / coberta co pano rameado e sobre o pano a molida e sobre a molida a canastra», e a cousa non dá.

// Ana Salgado



Contra as esencias

Éxodo · Daniel Salgado · Xerais. 2006 · 48 páx. · 9 euros

O poema non ten comezo nin fin. Discorre como a vida nunha mañá de mercado, como o mundo nun solo de Coltrane. Ou sexa, mete os pés na lama, gasta os zapatos, nunca se detén.

O *Éxodo* de Salgado mostra as pegadas dun percurso individual: as gabetas do avó contendo os obxectos da historia (fotografías, o carné do sindicato, unhas chaves que xa non abren nin pechan, recortes de xornal) e o relato do momento mesmo da partida, no que o fillo dos emigrantes ve o mar por vez primeira. Pero o individual vira en colectivo, e así sabemos dos anos do traballo que non cesa e do retorno ao país natal con saudades e cartos no peto. E así asistimos á denuncia da escravitude, da desmemoria, do subdesenvolvemento.

Vivimos tempos de revisionismo histórico, de conmemoracións e homenaxes póstumas. Hai ocasións nas que, con toda seguridade, é preciso revisar, conmemorar e homenaxear, pero ás veces a repetición mata inevitabelmente o sentido, e o politicamente correcto acaba por desvirtuar a xustiza da corrección. Non é este, por certo,

o caso do último libro de Daniel Salgado. Aquí o discurso é acontecemento, e non palabras gastas polo (mal) uso: non se fan concesións ao panexírico, nin á elexía, e moito menos á epopea. Malia a súa referencia a un feito pasado documentábel, o poema acontece no presente e fala do presente, da necesidade de nomearmos, primeiro, e de corrixirmos, despois, «o que agora somos». O traballo, a desterritorialización da identidade, a dignidade humana, as fuxidas posíbeis: velaquí as cuestións que nos devolven estas páxinas e que nos convidan a actualizarmos nas nosas coordenadas.

Quedan abertas moitas portas e xanelas, lugares que poderán e deberán ser ocupados por outros discursos, por outras accións. O poema nada pecha, pero ao mesmo tempo constitúe unha firme toma de posición. Dicar *éxodo* é pensarnos desde a fractura, desde a mudanza; é afirmar: non hai esencias nin pasado mítico ao que remontarse e, polo tanto, non hai tampouco dereitos atávicos sobre ningún anaco de terra. A orixe dos pobos antillanos –escribía Edouard Glissant– é o ventre do barco que transportaba os escravos, non a negritude, non a *nai África*. E nós, di Salgado maxesticamente, «non admitimos lique no relato da nosa fundación, / reforzamos,

Aquí o discurso é acontecemento, e non palabras gastas polo (mal) uso: non se fan concesións ao panexírico, nin á elexía, e moito menos á epopea.

a través dos libros e do sangue / o todo flúe, a panxea». (Iso que Glissant, falando en prosa, chamou *dixénese*.)

A poética de *Éxodo* é tamén unha posición política: o desinterece por cantar a rosa ou mesmo por facela florecer, a renuncia explícita á eternidade do verso. O poema, moi ao contrario, deixa fíos soltos, ensínanos as costuras e asúmese imperfecto: poema en construción, poema máis comentario, poema sucio. Sen comezo nin fin, sen orixe. Aproveitando as fendas do discurso. Contra as esencias.

// Iria Sobrino

AXENDA DO Desenvolvemento 2007

IMPLICADAS NO DESENVOLVEMENTO

Xa á venda na nosa web www.implicadas.org

IND
Implicacións no desenvolvemento

Isaac Díaz Pardo,
unha mirada familiar
Conversas con Carmen Arias
Ariana Fernández Palomo

EDICIONS
Lea

Rúa Lavande Ruiz, nº 6 baixo
15702 Santiago de Compostela
Tf: 981 570 689
edicionslea@galiciamedia.com
www.galiciamedia.com